











CULTURGAL

2020



CULTURA

MANUAL EXPOSITORES

13 Edición. Ano 2020
Do 27 ao 29 de NOV
Pazo da Cultura de Pontevedra

Organiza



Escena Galega



Patrocinan



ÍNDICE

En caso de emerxencia, cultura 04

1. INFORMACIÓN XERAL 05

1.1. A Culturgal no contexto da COVID-19	05
1.2. O recinto	05
1.3. A cidade de Pontevedra	06
1.4. Como chegar	06
1.5. Quen asiste a Culturgal?	06

2. PREPARAR A CULTURGAL 07

2.1. Calendario para expositores	07
2.2. Plano	07
2.3. Zonas de situación	07
2.4. <i>Stands</i>	07
Que tipos de <i>stands</i> existen e que conteñen?	07
Que servizos xerais están incluídos no prezo de aluguer?	08
Tarifas dos <i>stands</i>	08
Descontos que se aplican	08
Como solicitar un <i>stand</i> ?	08
2.5. Normativa	09
Normativa xeral de construción e uso dos <i>stands</i>	09
Alturas máximas de construción	09
Vendas e actividade no <i>stand</i>	09
Envío de materiais	09
2.6. <i>Stands</i> con condicións especiais de contratación. Espazo Arte Contemporánea	10
Plano	10
Que tipos de <i>stands</i> existen?	10
Canto custa o aluguer de cada tipo de <i>stand</i> ?	10
Descontos que se aplican	11
Normativa montaxe e cuestións específicas espazos Arte Contemporánea	11

2.7. Cesións e cancelacións	11
2.8. Acreditación	11
Número de acreditacións por <i>stand</i>	11
Procedemento de solicitude	11

3. TIRAR PROVEITO DA CULTURGAL 12

3.1. Quen reserva espazo na Culturgal?	12
3.2. Público de Culturgal	13
3.3. Comunicación da Feira	13
3.4. Programación Culturgal 2020	13

ORGANIZACIÓN CULTURGAL 2020 14

Contactos	14
-----------------	----

En caso de emerxencia, Cultura



Facilitar a participación de empresas, creadoras e creadores, profesionais e públicos, e estimular a compra de produtos culturais. Eses son os dous obxectivos cos que se traballa na organización da Culturgal, cuxa celebración está prevista en 2020 do 27 ao 29 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. Será a décimo terceira edición dunha Feira que este ano debúxase como unha ferramenta necesaria para o sector cultural do país. Non será a mesma Feira nun escenario marcado pola #COVID19 e presentará importantes cambios, pero hai algo inmutable: Culturgal é un dispositivo ao servizo do sector cultural e da sociedade, en xeral. «En caso de emerxencia, cultura» é o lema da Feira en 2020, co que queremos darche a benvida e reivindicar o papel fundamental da acción cultural no desenvolvemento e benestar social.

Culturgal é unha iniciativa da Asociación Culturgal, da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector. Son máis de 150 empresas as representadas:

A Asociación Galega de Editoras (AGE) leva máis de 25 anos coordinando a iniciativa empresarial da edición en lingua galega e integra a máis do 90% do sector editorial do país. editorasgalegas.gal

Escena Galega, a Asociación Galega de Empresas das Artes Escénicas, creouse no ano 2002 comoun organismo de carácter profesional, autosextor, autónomo e independente, integrado por máis de dúas dúas de compañías de teatro, de danza e de monicreques. escenagalega.gal

Eganet naceu no 2000 e agrupa a máis de 70 empresas galegas dedicadas a internet e ás novas tecnoloxías, que abranguen as cinco principais áreas de negocio neste ámbito: internet e medios *online*, comunicación interactiva en novos medios, consultoría e asesoramento Tic, conectividade e integración de sistemas e desenvolvemento de *software*. eganet.org

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) é a asociación empresarial pioneira do sector audiovisual galego. Agrupa empresas

produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos e leva contribuindo activamente á consolidación e desenvolvemento da industria de Galicia desde 1994.


agapi.org

A Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) nace no ano 2007 para defender os intereses profesionais das empresas galegas que proveen servizos no ámbito da música ao vivo, incluíndo produtores, promotores, managers e axentes. agem-musica.com

Culturgal fai da cidade de Pontevedra un lugar de encontro comfortable, eficiente e novidoso con dúas dúas de liñas cruzadas entre públicos, expositores, creación, difusión, institucións, participación, venda, distribución, formación... Tres días de referencia para todas as persoas que fan parte diaria da actividade cultural en Galicia e e grazas ás que a Feira reborda de contidos, entusiasmo e orgullo colectivo.



1. INFORMACIÓN XERAL



1.1

A Culturgal no contexto da COVID-19

A Culturgal 2020, co lema «En caso de emerxencia, cultura» do 27 ao 29 de novembro en Pontevedra, presenta importantes cambios e novidades debido á pandemia mundial provocada pola COVID-19. Pregámosche que leas con atención o Manual do Expositor 2020 e que teñas en conta que a situación socio-sanitaria pode obrigar a modificar condicións e instrucións nas semanas previas á Feira. No último apartado do manual tes os contactos do equipo de Culturgal para as túas dúbidas e consultas.

Neste manual atoparás información en relación aos temas relevantes para construír un evento seguro entre todos:

>> **Culturgal 2020 mantén o seu concepto como Feira:** será un evento presencial con importante apoio da contorna *online* e *streaming* para amplificar a difusión dos seus obxectivos e actividades.

>> **Culturgal 2020 agradece ás empresas participantes a súa colaboración no cumprimento das medidas sanitarias para facer un evento seguro.** Ademais do uso permanente da máscara, nos *stands* débense manter as distancias físicas co público, dispor de xel desinfectante e promover o uso do pago con tarxeta no caso de expositores con venda directa.

>> **Culturgal 2020 reformula tamén os escenarios de actividades:** os espazos «Infantil» e «Libro» ubícaranse no recinto feiral, o «Foro» na sala de exposicións do Pazo da Cultura e o Auditorio do Pazo resérvase para teatro e música ao vivo. A décimo terceira edición da Feira suprime a carpa anexa ao recinto.

>> **Culturgal 2020 reduce as tarifas de aluguer de stands** nun 30% sobre o prezo base, un desconto non acumulable con outras promocións ou axudas obtidas polas empresas para a súa participación.

>> **Culturgal 2020 presenta unha proposta de circulación** para o pú-

blico que inclúe un único punto de acceso (entrada principal do Pazo da Cultura) e de saída (un dos portóns de emerxencia do recinto feiral). Ademais, adquisición de entrada *online* previamente e quendas horarias de acceso á Feira. Restrinxirase o aforo de acordo ao plan de continxencia do recinto e ás medidas tomadas entre a dirección do Pazo e o servizo de prevención e seguridade da Feira.

>> **Culturgal 2020 modifica os seus procesos de selección de programación** reducindo o número de actividades e adaptándose aos aforos, escenarios e quendas de público. A convocatoria de programación realizarase en outubro dando prioridade nas propostas a empresas e entidades con *stand*. O venres 27 de novembro a Feira centrarase en programación profesional e non estará aberta ao público xeral. A selección de programación é un traballo conxunto da directiva de Culturgal co asesoramento do equipo de traballo da Feira.

>> **Culturgal 2020 disporá dun servizo de cafetería**, pero nesta edición non contaremos coa área de restauración debido ás restricións da pandemia. Desde a Feira, convidamos aos visitantes a consumir na hostalaría da cidade.

>> **Culturgal 2020 conta co apoio** da Xunta de Galicia a través da Agaduc e Xacobeo 2021, do Concello de Pontevedra, das deputacións de Pontevedra e A Coruña.

1.2 O recinto

A cidade de Pontevedra é desde 2010 sede da Culturgal, que atopou neste concello unha magnífica resposta institucional así como unha adhesión entusiasta das veciñas e veciños da cidade. O Pazo da Cultura de Pontevedra atópase na **rúa de Alexandre Bóveda**, a escasos dez minutos do centro urbano e perfectamente comunicado coas principais vías de entrada. Ten un amplo **aparcadoiro con capacidade para 1.300 automóviles**, polo que o acceso en coche é cómodo e sinxelo.

O recinto Feiral no que se monta Culturgal ten unha **superficie de 4.875 metros cadrados** e dispón de dúas entradas, catro saídas de emerxencia e dúas portas de acceso rodado cun tamaño suficiente para o tránsito de grandes camións. Así mesmo o **Auditorio** do Pazo é un espazo idóneo para a programación de espectáculos extraordinarios. O Pazo tamén pon a disposición da Culturgal outros espazos como a **Sala de Exposicións** e os **Seminarios** para reunións ou actividades profesionais.

1.3

A cidade de Pontevedra

Pontevedra acolle a Culturalgal desde o ano 2010; a estas alturas a identificación da cidade coa Feira é plena. A resposta da cidadanía respecto da Culturalgal non podía ser mellor; son milleiros de veciñas e veciños de Pontevedra que se achegan cada ano ao Pazo da Cultura a descubrir as novidades do sector cultural do país e a gozar do programa de actividades.

Pontevedra é unha cidade cómoda para todas aquelas persoas que se acheguen á Feira en calidade de expositores, programadores, artistas, profesionais ou público. O Pazo da Cultura está conectado con centro da cidade a través da Ponte dos Tirantes e da Ponte de Santiago (N-550); un paseo de apenas dez minutos camiñando sitúanos no casco histórico de Pontevedra.

A oferta hostaleira de Pontevedra é ampla e variada, con capacidade para atender ás necesidades dos profesionais e visitantes da Culturalgal. Pero ademais Pontevedra é unha cidade cunha **aposta estratéxica por un modelo de desenvolvemento urbano sostible**. Adherida á Rede de Cidades que Camiñan, en 2015 recibe o **Premio ONU Habitat polo seu modelo urbano peonil**. Desde 1999 e de maneira progresiva pechouse o casco histórico aos automóviles, creáronse corenta quilómetros de sendas e vías peonís e ciclistas preto do río e da ría e aumentáronse as zonas verdes. Un modelo de cidade sostible e inclusiva que prioriza o peón, a bicicleta e o transporte colectivo.

1.4

Como chegar

Por estrada

Tanto desde Vigo como desde Santiago ou A Coruña, hai que tomar a saída 129 da AP-9 (Pontevedra Norte) e seguir as indicacións cara á estrada PO-531. Unha vez na PO-531, hai que xirar á esquerda cara á Avenida de Domingo Fontán, tomar a segunda saída na rotonda en dirección Rúa de Juan Manuel Pintos e, de novo, a segunda saída na rotonda cara á N-550. Encontraredes entón o Pazo da Cultura.

En bus

Os autocares da empresa Monbus chegan a Pontevedra desde distintos puntos de Galicia. Podes consultar horarios e frecuencias na web www.monbus.es ou chamar ao teléfono de atención ao viaxeiro desta compañía 902 292 900.

En tren

O tren é o medio ideal para achegarse a Pontevedra desde cidades próximas como Vigo, pero tamén desde A Coruña, Santiago ou Vilagarcía. Podes consultar horarios e frecuencias en www.renfe.es ou chamar ao teléfono de información ao viaxeiro da compañía ferroviaria: 902 320 320 ou ao de venda por internet 902 109 420.

Na cidade

Pontevedra é unha cidade para camiñar, sen grandes costas e cunha ampla área urbana peonil. Tamén é un pracer percorrela en bici, pola súa orografía e pola promoción que se fai do seu uso neste concello www.pontevedra.eu/bici/. Pero entendemos que podes ter cansazo, problemas de mobilidade ou simplemente dispor de pouco tempo. Nese caso debes saber que Pontevedra conta cunha rede de autobuses urbanos que opera a empresa Grupo As Rías www.grupoasrias.com e que as liñas 2 e 5 van deixarte preto do Pazo da Cultura. Se precisas un taxi podes chamar ao 986 868 585.

1.5

Quen asiste a Culturalgal?

Nas doce edicións celebradas até o momento, **ao redor de 15.000 persoas asistiron cada ano a Culturalgal**. Se ben o grosor da asistencia está protagonizada polo público xeral, en Culturalgal atoparás empresas, institucións, marcas patrocinadoras, técnicos, programadores, xestores, artistas, prescriptores, medios de comunicación etc. Boa parte do mapa cultural do país desprázase a Pontevedra durante a Feira. Nesta edición marcada pola COVID-19 aínda que a Feira debe renunciar ás cifras de milleiros de asistentes dos pasados anos, **o obxectivo é ser, máis que nunca, referencia para a actividade cultural e ofrecer un evento seguro e satisfactorio para todas as partes respectando as medidas de seguridade vixentes**.



2. PREPARAR A CULTURGAL



2.1

Calendario para expositores

Duración da Feira

Do 27 ao 29 de novembro.

O venres 27 de novembro está reservado ao público profesional.

Data contratación de stands

Apertura reserva: 30 setembro 2020.

Límite contratación: 15 de novembro 2020

(ou até completar espazo expositivo).

Horario de apertura público xeral Culturgal 2020

Sábado 28 de novembro de 11h a 21 h.

Domingo 29 de novembro de 11h a 20 h.

Horario de acceso ao recinto para acreditados

Dende unha hora ante da apertura ao público.

Montaxe

Xoves 26 de novembro de 12 a 21 h.

Venres 27 de novembro de 12 a 21 h.

>> **NOTA:** para os stands de deseño libre, por favor entrade en contacto con stands@culturgal.com para tramitar a montaxe con anterioridade a esta data en caso de ser preciso.

Desmontaxe

Domingo 29 de novembro a partir das 21 h e até as 23:30 h.

Luns 30 de novembro de 10 a 14 h e de 16 a 20 h.

>> **NOTA:** se precisades un horario especial por favor contactade con xestión de expositores no correo stands@culturgal.com

2.2

Plano

Consulta na nosa [páxina web](#) o plano coa distribución dos stands de Culturgal 2020 e a listaxe de stands onde poderás ubicar a túa escolla e adxudicarlle o número correspondente para a reserva.

2.3

Zonas de situación

Tes liberdade para escoller o teu stand onde desexes.

Por favor bóttalle un ollo (ou dous) aos modelos de stands, pregúntanos o que precisas saber antes de facer a túa escolla e o uso que vaias facer dela. Podes remitir as túas consultas a través do correo stands@culturgal.com

Por mor das restricións derivadas da situación epidemiolóxica temos que reestruturar o espazo da Feira. Culturgal 2020 reduce os espazos dedicados á artesanía e inclúe no recinto feiral aos expositores de Arte Contemporánea (non institucionais). **Poñemos a disposición os stands comprendidos entre os números 57 e 67.**

2.4

Stands

Que tipos de stands existen e que conteñen?

Consulta o documento chamado **tipoloxías stands**, nel atoparás as especificacións concretas de cada modelo desta edición. Tras un cambio importante en 2019 e procurando a construción de espazos seguros de encontro co público, en 2020 simplifícase a tipoloxía de espazos dispoñibles e potencianse os espazos con paredes perimetrais que, no caso de que así o desexedes, podes combinar reservando de xeito contíguo. En termos xerais:

>> O espazo expositivo non estará cuberto de moqueta na súa totalidade, só os corredores de tránsito do público.

>> Tes a opción de alugar os stands (todas as tipoloxías) con ou sen mobiliario. O custo do paquete de mobiliario básico (1 mesa, 2 cadeiras, 1 estante) é de 60 €.

>> Todos os *stands* contan con conexión eléctrica e iluminación individual

>> **NOTA:** todo o material é fornecido en réxime de alugueiro. O non uso dalgúns dos elementos incluídos nos paquetes de aluguer non supón en ningún caso a redución do prezo do mesmo.

Que servizos están incluídos no prezo de aluguer?

>> Seguro de responsabilidade civil obrigatorio.

>> Servizo xeral de limpeza do *stand*.

>> Acceso wifi durante os días de apertura ao público.

>> Servizo de vixilancia xeral do recinto expositivo. Nin o Pazo da Cultura nin a organización se fan responsables de posibles furtos ou perdas de materiais que os expositores dispoñan no seu *stand* ou en calquera espazo do recinto.

>> Inclusión na web e no catálogo de entidades expositoras de Cultural 2020.

Tarifas dos stands

TIPO STAND	PREZO BASE SEN MOBILIARIO	INSTITUCIÓN PÚBLICAS
3 X 2 m	350 €	700 €
3 X 3 m	450 €	900 €
6 X 2 m (2 stands de 3 x 2) 12 m ²	600 €	1200 €
18 m ² (3 stands 3 x 2 ou 2 stands 3 x 3)	850 €	1700 €
24 m ² (4 stands 3 x 2)	1100 €	2200 €
Outras combinacións: consultar a través de stands@culturalgal.com		
Pack básico de mobiliario (1 mesa, 1 estante e 2 cadeiras): 60 €		

>> **NOTA:** o prezo de aluguer dos *stands* institucionais incrementarase nun 50% en caso de ter escollido localización preferente.

>> **NOTA:** IVE 10% non incluído.

Descontos que se aplican

Debido ao retraso nas datas de lanzamento, esta edición 2020 non aplicará o desconto por reserva anticipada pero debido á situación actual e con vistas a favorecer a dinamización do sector nun ano tan complicado como este, será aplicado un desconto lineal sobre os prezos base do ano 2020 dun 30%. Este desconto non será de aplicación a quen sexa beneficiario doutras promocións ou axudas públicas para a súa participación na Feira.

Como solicitar un stand?

Se o que queres é fomentar a túa visibilidade como entidade do sector cultural, estar presente na Feira como expositor é a túa mellor opción.

Para solicitar o teu espazo non tes máis que seguir estes sinxelos pasos:

1. Antes de nada por favor **consulta con atención** o documento chamado **tipoloxías stands** onde poderás consultar os modelos da feira deste ano.

2. **Le detidamente este manual** para ter a información precisa do desenvolvemento da Feira e das condicións de aluguer de espazo.

3. **Escolle o tipo de espazo** en aluguer que máis se adapte á túa idea de como estar presente na Feira

4. **Escolle unha localización dentro do recinto**, o plano está á túa disposición en [culturalgal](http://culturalgal.com). A reserva de espazo adxudicarase por estrita orde de solicitude, é por iso que o formulario vaiche pedir unha segunda e terceira opción para a túa ubicación.

5. Entra no **formulario de solicitude de espazo** que atoparás na nosa web (apartado expositores) e cumprimenta o formulario cos datos solicitados.

6. No prazo máximo de 10 días **recibirás un correo confirmando** a túa escolla e ofrecéndoche as indicacións oportunas para completar o proceso de reserva de *stand*.

7. Se tes **calquera cuestión escríbenos a stands@culturalgal.com**

8. Importante: se debido á túa actividade, estás interesada/o en tomar parte no espazo de Arte Contemporánea non é preciso que remitas o formulario,



terás que remitir o teu proxecto para ser valorado polos comités de selección correspondentes. Consulta as condicións específicas no apartado 2.6 deste manual.

2.5 Normativa

Normativa xeral de construción e uso dos stands

Todos os materiais dos que se compoñen os espazos favorécense en réxime de alugueiro, é dicir teñen que ser devoltos nas mesmas condicións nos que se instalaron. A entidade expositora quedará obrigada a facerse cargo dos danos e perdas que se ocasionen polo mal uso do material. Os actuais espazos teñen diversas posibilidades de customización, máis facilidade para a instalación nas estruturas e no caso das paredes de policarbonato pode utilizarse vinilo removible.

Debido á existencia de arquetas eléctricas no chan, queda prohibido acumular grandes cantidades de auga, non se permite tampouco o depósito ou exposición de mercadorías perigosas, explosivas ou insalubres que emitan ruídos molestos ou cheiros desagradables e **quedan prohibidos elementos como:**

- >> Moqueta non ignífuga.
- >> Cinta de dobre cara que deixe algún tipo de resto nos materiais construtivos propiedade da Feira.
- >> Material inflamable ou tóxico.

A empresa expositora está obrigada, tamén, ao cumprimento de todas as normas xerais de construción, ao estipulado na lexislación oficial vixente, así como ás normas de prevención sobre riscos laborais, das que o seu descoñecemento non o exime en ningún caso das responsabilidades que leva o seu cumprimento.

Alturas máximas de construción

A altura de construción de cada espazo tipo está indicada no documento **tipoloxías stands**. A altura máxima xeral de construción dun *stand* é de 3 metros. Calquera deseño de libre construción que supere esta altura debe ser supervisado e aprobado pola xestión de expositores.

Consulta a **listaxe de stands** presente na [nosa web](#), no apartado observacións verás indicado aqueles espazos que teñan algunha especificidade en canto ao límite en altura pola súa localización dentro do recinto.

Vendas e actividade no stand

O teu espazo en Culturgal está á túa enteira disposición para a realización das actividades que consideres de cara aos teus obxectivos como asistente. O expositor debe responsabilizarse do cumprimento das medidas de seguridade e sanitarias nestas actividades. Neste caso, e durante ditas actividades solicitámosvos que respectedes as consabidas distancias de seguridade e poñades os medios físicos correspondentes para a seguridade de todos evitando aglomeracións e garantindo que os presentes nos vosos espazos cumpran tamén as medidas de aplicación.

Está completamente permitida a venda de produtos relacionados coa actividade de cada expositor así como a realización de actividades nos *stands* sempre que estas non sexan amplificadas para garantir así a correcta convivencia dentro do recinto. Queda terminantemente prohibida a exposición, consumo e venda de bebidas alcohólicas con graduación superior aos 15 graos.

A organización de Culturgal, consciente do respecto polo medio ambiente facilitará bolsas de papel aos expositores (ata esgotar existencias). A bolsa de papel facilitada pola organización será de uso obrigado por parte de todos os expositores, salvo excepcións acordadas coa organización da Feira.

Envío de materiais

Todo aquel material que precisas enviar ao Pazo da Cultura de Pontevedra para o teu *stand* debe ser entregado a partir do martes 24 de novembro. A organización de Culturgal non se fai cargo das mercadorías entregadas antes desa data. As mercadorías serán xestionadas polo equipo de Culturgal, que as situará nun almacén destinado a tal fin. O propio expositor será o encargado da súa recollida. O persoal de Culturgal evitará manipular en exceso mercadorías dos asistentes.

Debes remitir os envíos a:

Pazo da Cultura de Pontevedra / Oficina Culturgal
Rúa Alexandre Bóveda s/n. CP 36005. Pontevedra

Indica claramente no paquete:

Nome do *stand* ao que se dirixe a mercadoría

Nome da persoa responsable do *stand* durante a feira.
Teléfono de contacto.

2.6 STANDS BAIXO CONDICIÓN ESPECIAIS DE CONTRATACION. ESPAZO ARTE CONTEMPORÁNEA

O Espazo de Arte Contemporánea, que nesta edición intégrase por primeira vez no espazo do Recinto Feiral, ademais de continuar ocupando parte da Sala de Exposicións do Pazo da Cultura de Pontevedra, suma desde o ano 2017 preto de mil metros cadrados máis á superficie habitual da Feira.

O Espazo Arte Contemporánea concíbese como un punto de encontro para os diferentes axentes que operan no campo da arte contemporánea, ofrecéndolles a posibilidade de darse a coñecer no panorama cultural galego e mostrar os seus produtos e servizos, beneficiándose do dinamismo da Feira e ao mesmo tempo favorecéndoa con novos públicos, debates e encontros ao redor dos procesos da arte contemporánea. Un beneficio mutuo, o Espazo de Arte Contemporánea é Feira, é Cultural. Este espazo estrutúrase do seguinte xeito:

>> **Área institucional.** Coa presenza e colaboración de diversas institucións do ámbito cultural.

>> **Área de expositores privados.** Aberta a creadores, galerías, empresas, proxectos.

>> **Espazo para intervencións.** Ofrecendo a posibilidade de levar a cabo presentacións, intervencións, encontros, debates, obradoiros, etc. Estas propostas serán avaliadas por un comité de selección e integradas dentro dos diversos espazos habilitados na feira dependendo da súa concepción e características técnicas.

Plano

O plano coa localización do Espazo de Arte Contemporánea 2020, distribuído entre a Sala de Exposicións do Pazo da Cultura e o Recinto Ferial, pode consultarse na nosa [páxina web](#). Calquera combinación que consideredes factible para o voso espazo non dubidedes en consultarnos e faremos o posible por estruturar os metros cadrados precisos segundo as vosas necesidades.

Que tipos de stands existen e que conteñen?

CARACTERÍSTICAS DOS STANDS	STAND 6 m ² RECINTO FEIRAL	STAND 30 ou 36 m ² SALA EXPOSICIÓN
Moqueta	NON	NON
Cadro eléctrico	SI	SI
Iluminación individual (dispoñible baixo solicitude)	SI	NON
Displayer nome entidade	SI	SI
Cadeira	NON	SI
Paneis modulares perimetrais	SI	NON
Paredes de obra	NON	SI
Mesa 2 x 1 m	NON	NON**

Canto custa o aluguer de cada tipo de stand?

	STAND 6 m ²	STAND 30 m ²	STAND 36 m ²	STAND 90 m ²
Prezo base	350 €	1050 €	1300 €	3150 €
Prezo base institucións públicas	700 €	2100 €	2600 €	6300 €

>> **NOTA:** IVE 10% non incluído.

Descontos que se aplican

Desconto exclusivo e non acumulable específico para os *stands* do Espazo Arte Contemporánea na edición 2020 do 40% sobre a tarifa base vixente do punto anterior.

Normativa montaxe e cuestións específicas espazos Arte Contemporánea

1. Nos *stands* do Espazo Arte Contemporánea situados na Sala de Exposicións do Pazo da Cultura permítese cravar e taladrar as paredes do espazo expositivo para a montaxe das obras. Permítese o uso de estanterías ou doutro mobiliario dentro da superficie propia de cada *stand*.

2. Os *stands* do Espazo Arte Contemporánea situados no Recinto Ferial seguen a normativa detallada no apartado 2.5 do manual do expositor.

3. Todas aquelas opcións accesorias (iluminación extra, mesa ou mostrador, unha segunda cadeira) deberán ser solicitados coa preinscrición e abonados xunto ao custo total do aluguer do *stand*, previamente á montaxe da feira.

4. O horario de apertura da feira, montaxe e desmontaxe de expositores, son os de todo o recinto feiral que constan neste manual do expositor.

5. Un **comité de selección** aprobará a listaxe final de expositores, valorando a proposta expositiva achegada coa preinscrición. Espazos, institucións e profesionais que queiran solicitar a participación deberán achegar a stands@culturgal.com a seguinte información sobre ás propostas, que deberá ser presentada nun único documento en formato PDF cun máximo de 10 MB, co seguinte esquema:

- >> Denominación do *stand*: nome do espazo ou galería, nome do/a comisario/a, nome do/a artista ou colectivo.
- >> Descrición da proposta expositiva.
- >> Relación de artistas participantes, cun mínimo de 3 imaxes de obra/por artista a boa resolución.
- >> Breve *curriculum vitae* das persoas participantes.
- >> Copia do NIF / CIF.

A solicitude de participación supón a aceptación destas condicións. A selección e distribución final será comunicada a todas as persoas e entidades solicitantes.

2.7 Cesións e cancelacións

Se Culturgal 2020 fose cancelado por causas de forza maior, alleas á organización, reintegraranse as cantidades entregadas. Se é a firma expositora a que cancela a reserva do *stand*, non terá dereito á devolución dos importes facturados e, no caso de terse acollido á modalidade de pago fraccionado, terá que acometer igualmente o pagamento das obrigas pendentes. As entidades expositoras non poderán ceder o dereito de ocupación do *stand*.

>> **NOTA:** as entidades expositoras recoñecen e aceptan as normas e condicións recollidas neste documento e comprométense a respectar calquera nova disposición engadida polas circunstancias e adoptada pola organización.

2.8 Acreditación

Número de acreditacións por *stand*

A organización de Culturgal favorece por cada 6 m² de espazo alugado un máximo de 2 entradas para os tres días de Feira. Deste xeito respetamos a normativa de ocupación de 3 m² por persoa.

Se prevés algún tipo de actividade no teu *stand* que requira da participación de escritores, artistas, conferenciantes, etc., ponte en contacto con nós. Nun ano coma este é moi importante que a organización da Feira autorice a realización de actividades en *stand* e haberá un número limitado de acreditacións para tal fin, dependendo do teu espazo. Neste caso, e durante ditas actividades solicitámosvos que respectedes as consabidas distancias de seguridade e poñades os medios físicos correspondentes para a seguridade de todos evitando aglomeracións e garantindo que os presentes nos vosos espazos cumplan tamén as medidas de aplicación.

Se precisas un número maior de entradas para artistas e convidados das que ten asignadas o teu *stand*, poderás adquirilas cun 50% de desconto.

Procedemento de solicitude e acreditación


Non precisas solicitar as túas acreditacións con anterioridade. Na entrada da Feira terás que dirixirte ao **mostrador de expositores** e identificarte para re-



collelas. Por favor, pasa polo mostrador cando chegues á Feira para montar o teu *stand*. Entregarémosche a túa pulseira para poder circular libremente pola Feira.

Calquera dúbida ou solicitude extra sobre acreditacións diríxete a info@culturalgal.com

3. TIRAR PROVEITO DA CULTURGAL



3.1

Quen reserva espazo na Culturalgal?

Para saber quen serán os teus compañeiros de Feira permanece atento á nosa web. Nela iremos actualizando a listaxe de *stands* a medida que se ocupen e avisaremos tamén cando o espazo se complete ao 100%. Iremos colgando unha listaxe a carón do plano para que poidades estar informados permanentemente de quen se incorpora como expositor este ano.

Empresas e profesionais

Un dos principios da Feira é ser, non só escenario de encontros entre profesionais e sectores, senón un espazo para o nacemento e consolidación de proxectos. Reforzando os vínculos da Feira coas diferentes asociacións gremiais e promovendo a comunicación entre todos aqueles axentes e sectores que participan da actividade cultural. Patrocinadores, institucións, asociación sectoriais, empresas, programadores, técnicos, artistas, etc, danse cita anualmente na Culturalgal. En 2020, a Feira reforza o carácter profesional da primeira xornada, a do venres 27 de novembro.

As empresas e institucións que cada ano reservan espazo na Culturalgal son o motor da Feira. Por esa razón, Culturalgal traballa intensamente para que os obxectivos comerciais e de visibilidade de empresas, asociacións e artistas se cumpran. Queremos estar á altura das expectativas daqueles que sosteñen a Feira. Formar parte desta, como expositor ou profesional, significa estar en conexión non só co público xeral senón con líderes de opinión, patrocinadores e programadores.

3.2 Público da Culturgal

Ao redor de 15.000 persoas achéganse cada ano a Culturgal en Pontevedra durante os 3 días da Feira. Obviamente, en 2020 o balance non será este por mor da COVID-19. De acordo co plan de continxencia do Pazo da Cultura de Pontevedra e do traballo do servizo de prevención e seguridade da Feira, o aforo reducirase notablemente e o acceso farase por quendas horarias. O obxectivo da organización é acadar unha participación segura e activa do público, estimulando a compra de produto cultural.

Que tipo de público é o que acode á Feira? O público xeral está integrado por persoas de todas idades, con importante presenza de público familiar, procedente case nun 70% de Pontevedra e en algo máis dun 30% doutros puntos de Galicia.

Desde a organización da Feira consideramos que os prezos das entradas da Culturgal son asumibles para todos os petos e o seu pagamento converte o público nun patrocinador activo.

Os prezos de **entrada para o público, que se adquirirán previamente en liña**, son os seguintes:

	ADULTOS	NENOS/as > 3 anos	NENOS/as < 3 anos
Entrada 1 día	3 €	2 €	Gratuíto
Entrada 2 días	5 €	3 €	Gratuíto
Packs familias	2 Adultos + 3 nenos/as: 10 €		
	2 Adultos + 4 nenos/as: 11 €		

3.3 Comunicación da Feira

O traballo de **comunicación e promoción** de Culturgal desenvólvese durante todo o ano abrangendo diferentes actividades e áreas e mantendo unha relación continuada con diferentes axentes: xornalistas, divulgadores, colaboradores, públicos, etc. Malia a reestruturación do traballo en 2020 pola pandemia, imaxe, lema e liñas básicas da edición foron lanzadas en agosto e realizárase unha presentación pública cos patrocinadores durante o mes de outubro.

Todos os **medios de Galicia, e tamén algúns de fóra do país**, fanse eco da Feira amplamente. A prensa local de Pontevedra vólcase con Culturgal e tanto a televisión como a radio autonómicas ofrecen unha magnífica cobertura durante os días da Feira. A realización de programas especiais en directo durante Culturgal amplifica o seu alcance; en 2020 a aposta polo *streaming* para parte do programa incidirá nesa máis que necesaria amplificación.

En relación ás **redes sociais**, Culturgal prioriza o seu uso, especialmente *Facebook*, *Twitter* e *Instagram*. Poucas organizacións, institucións e entidades culturais do país contan con tal volumen de seguidores nas redes. Divulgación, atención directa, interacción e captación de público. Eses son os eixos nos que se fundamenta a estratexia da Culturgal nas redes; búscase a transmisión das actividades, do ambiente e dos valores de Culturgal en tempo real.

En resumo, **comunicar a Feira ao exterior e comunicarnos entre todos** os axentes implicados na realización de Culturgal: expositores, artistas, empresas, patrocinadores, público, medios e organización. Eses son os obxectivos que se marca o departamento de comunicación da Feira.

3.4 Programación 2020


Culturgal é exposición, público e programación

En 2020 a Feira reduce o seu número de actividades de acordo ás normas sanitarias e á redución de aforos. Presentacións e *showcases* terán lugar no «Espazo Infantil» e «Espazo Libro», ambos no recinto feiral, e no «Espazo Foro», situado na Sala de Exposicións do pazo. Ademais serán escenarios Culturgal 2020 o Auditorio e o Salón de Actos do Pazo da Cultura.



Culturgal abrirá en outubro o procedemento de selección programación. Os criterios de selección de propostas mudan en 2020, priorizando estreas e novidades así como aquelas iniciativas achegadas por empresas e entidades con *stand* na Feira. A selección é un traballo da directiva da Culturgal apoiada polo equipo da Feira.

ORGANIZACIÓN CULTURGAL 2020



Contactos

Culturgal é unha iniciativa da Asociación Culturgal, da que forman parte as asociacións profesionais máis representativas do sector: AGAPI, AGE, EGANET, Escena Galega e AGEM. A súa directiva está presidida por Víctor López (EGANET).

Contactos do equipo da Feira 2020

Coordinación da Feira

Xosé Manuel Aldea

aldea@culturgal.com

Producción Feira

Cecilia Carballido

cecilia@culturgal.com

Comunicación

Arancha Estévez

comunicacion@culturgal.com

Xestión expositores

stands@culturgal.com

Propostas programación

propostas@culturgal.com

Información xeral Feira e secretaría técnica

info@culturgal.com

ARTE






CONTEMPORÁNEA

ESCENA

LIBRO

FORO

INFANTIL



EN CASO DE EMERXENCIA → CULTURA